

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 11 DE MAIO DE 2007

Sres. asistentes:

SR.ALCALDE – PRESIDENTE.-

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS. (CIM)

SRES.CONCELLEIROS.-

DON JESÚS VEIGA SABÍN. (PP)

DON JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ VIDAL. (CIM)

DONA EVA VILARIÑO GÓNZALEZ. (CIM)

DON JUAN JOSÉ HERVA MALLO. (PP)

DON LUIS PURRIÑOS PENA .(CIM)

DON JOSÉ PAZ TENREIRO. (PP)

DON MIGUEL ANXO ABRAIRA SOBRADO. (BNG)

DON JOSÉ MARÍA LAYA CARRIL (CIM)

DONA ROSARIO MANSO LÓPEZ. (CIM)

DON MANUEL JOSÉ PÉREZ MARTÍNEZ .(PP)

SRES.CONCELLEIROS AUSENTES.-

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ. (non adscrito)

DON ANTONIO MEDÍN PENA. (PP)

SR.SECRETARIA MUNICIPAL.-

ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ.

No Local habilitado como Casa do Concello en Miño ás catorce horas e vinte minutos do día 11 de maio de 2007, reúnense os Sres. concelleiros que se acaban de citar e coa presenza do Sr. alcalde-presidente en funcións, co obxecto de realiza-la sesión extraordinaria do Pleno municipal segundo a seguinte orde do día:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Distribuíndose ós Sres. concelleiros da Corporación copia do borrador da acta do Pleno correspondente ó día 4 de maio de 2007 e 7 de maio de 2007, pregúntase ós asistentes se teñen algunha observación que formular á referida acta, e non presentándose ningunha, apróbase por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN DE ESTUDOS DE DETALLE.-

2.1.- Visto o ditame da Comisión de Asuntos Xerais de data 11 de maio de 2007:

“ Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

Visto o expediente tramitado para a aprobación do estudo de detalle correspondente ó APOD – 6 do PXOM de Miño, promovido a instancia da entidade mercantil “PROCORSA S.L.” Visto que o precitado estudo de detalle foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local na sesión do 9 de febreiro de 2007, e sometido a información pública, polo prazo de 20 días, mediante anuncio no DOGA e no xornal “La Opinión”, presentándose alegacións por parte de D. José Moreira Moreira.

Vistos os informes técnicos e xurídicos que constan no expediente.

Esta Alcaldía propón á Comisión de Asuntos Xerais que pola mesma se ditamine favorablemente o expediente tramitado para a aprobación do estudo detalle correspondente ó APOD – 6 do PXOM de Miño, e se propoña ó Pleno do Concello a **adopción do seguinte acordo:**

1º.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle correspondente ó APOD – 6 do PXOM de Miño, promovido a instancia da entidade mercantil “PROCORSA S.L.”

2.- Estimar a alegación presentada por D. José Moreira Moreira, e por conseguinte considerarlle como interesado no expediente, efectuándolle as pertinentes notificacións dos acordo que recaian en relación co expediente.

3º.- Remitir á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte unha copia autenticada de dous exemplares do estudo detalle definitivamente aprobado, con todos os planos e documentos integrantes do mesmo.

4º.- Proceder á publicación do acordo de aprobación definitiva do estudo de detalle.

5º.- Notificar a presente resolución a cantos aparezan como interesados no expediente.

Os señores reunidos acordan, por unanimidade, reservarse a opinión relativa á aprobación da proposta de acordo para o Pleno.”

Sometida a proposta de Alcaldía a votación, obtense o seguinte resultado:

- 9 votos a favor do PP, CIM.
- 2 abstención do BNG e do Concelleiro do CIM Don José María Laya Carril (CIM)

Queda aprobada a proposta de Alcaldía relativa á aprobación definitiva do estudo de detalle correspondente ó APOD – 6 do PXOM promovido a instancia da entidade mercantil “PROCORSA S.L.”, por maioría absoluta.

2.2.- Visto o ditame da Comisión de Asuntos Xerais de data 11 de maio de 2007:

“ Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

Visto o expediente tramitado para a aprobación do estudo de detalle correspondente ó APOD – 2 do PXOM de Miño, promovido a instancia da entidade mercantil “PROCORSA S.L.” Visto que o precitado estudo de detalle foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local na sesión do 9 de febreiro de 2007, e sometido a información pública, polo prazo de 20 días, mediante anuncio no DOGA e no xornal “La Opinión”, presentándose alegacións por parte de D. Benjamín López Castro.

Vistos os informes técnicos e xurídicos que constan no expediente.

Esta Alcaldía propón á Comisión de Asuntos Xerais que pola mesma se ditamine favorablemente o expediente tramitado para a aprobación do estudo detalle correspondente ó APOD – 2 do PXOM de Miño, e se propoña ó Pleno do Concello a **adopción do seguinte acordo:**

1º.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle correspondente ó APOD – 2 do PXOM de Miño, promovido a instancia da entidade mercantil “PROCORSA S.L.”

2.- Estimar en parte a alegación presentada por D. Benjamín López Castro no seu apartado carto, e por conseguinte condicionar a eficacia do presente acordo a presentación da documentación complementaria na que se reflicte as rasantes de acceso das diferentes edificacións existentes e unha proposta de solución de ditos accesos, mediante acordos xeométricos factibles así como a documentación na que reflicte que a aceira proposta na APOD – 2 se estenda o suficiente para dar protección e servizo ós accesos existentes.

3º.- Remitir á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte unha copia autenticada de dous exemplares do estudo detalle definitivamente aprobado, con todos os planos e documentos integrantes do mesmo.

4º.- Proceder á publicación do acordo de aprobación definitiva do estudo de detalle.

5º.- Notificar a presente resolución a cantos aparezan como interesados no expediente.

Os señores reunidos acordan, por unanimidade, reservarse a opinión relativa á aprobación da proposta de acordo para o Pleno.”

Sometida a proposta de Alcaldía a votación, obtense o seguinte resultado:

- 9 votos a favor do PP, CIM.

- 2 abstención do BNG e do Concelleiro do CIM Don José María Laya Carril (CIM)

Queda aprobada a proposta de Alcaldía relativa á aprobación definitiva do estudo de detalle correspondente ó APOD – 2 do PXOM promovido a instancia da entidade mercantil “PROCORSA S.L.”, por maioría absoluta.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás catorce horas e vinte e cinco minutos, redactándose a presente acta de todo o cal, eu a secretaria, dou fe.

O presidente

A secretaria municipal